

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 3 DE XULLO DE 2023-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de xullo de dous mil vinte e tres ; as trece horas e corenta e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria constitutiva da Xunta de Goberno Local Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández, dona Mariluz Expósito Pérez e dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Francisco Gaspar Fernández Castro.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL .

Coa presenza de todos o integrantes da Xunta de Goberno local , nomeados por Decreto de Alcaldía de data 26 de xuño de 2023, queda constituída a Xunta de Goberno Local.

2.- FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda que as sesións ordinarias da mesma celebraranse os martes as nove horas da mañá.

3.-OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 538/2023 RIB / N/31.3/23

Vista a solicitude formulada por don José Santiago Dávila Vilar para *Memoria Técnica. Reparación / Substitución emparrado*” redactada polo arquitecto técnico D. Amando Canitrot Pérez, e Anexo I en Porta Nova de Arriba 5 , referencia catastral 082221NG7802S

Consta no expediente:

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:

Con data de 10 de abril de 2023 achégase:

- Autorización de representación administrativa de D. José Santiago Dávila Vilar a D. Amando Canitrot Pérez.
- *“Memoria Técnica. Reparación / Substitución emparrado”* redactada polo arquitecto técnico D. Amando Canitrot Pérez, colexiado nº 150 do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense.

Segundo consta no apartado 1.4. Memoria Construtiva da Memoria Técnica, as obras a realizar son as seguintes:

... preténdese levar a cabo a substitución / reemplazamento dos perfís rectangulares de 60x40, que se atopan deformados, debido á insuficiente sección dos mesmos, por outros similares ós xa existentes noutras zonas do patio, con obxecto de dotar de maior resistencia e seguridade estrutural ó conxunto do emparrado, mediante perfís metálicos das series IPN-120 e IPN-100. Tamén se disporá un entramado de arame de aceiro, que servirá de soporte ás vides das centenarias cepas existentes no patio en cuestión.

Tamén se pretende levar a cabo a retirada dos elementos metálicos de suxeición, ancorados na cara exterior dos muros lindantes con Porta Nova de Arriba e Travesía da Porta Nova. Achéganse fotografías do "antes" e "despois" das intervencións que se pretenden realizar.

Os elementos utilizados nas actuacións a realizar, serán da mesma altura ós existentes, e os mesmos non serán apreciables dende o exterior do conxunto, debido ó trazado dos viais e ó espesor dos muros; polo que soamente será visible nalgúns puntos, a vexetación das cepas durante as épocas correspondentes do ciclo vexetativo das mesmas.

Na planimetría da Memoria Técnica represéntase a situación da nova estrutura do emparrado, que conta con nove piares novos e dous existentes, todos eles con perfís de aceiro IPN-120; dúas vigas, en sentido norte sur, con perfil de aceiro IPN-120; vigas perimetrais con perfil de aceiro IPN-100 e entramado en cuadrícula de arame de 2,5 mm. cada 80 cm. Sinálase que a cor dos elementos metálicos do emparrado será negra mate.

A altura respecto da rasante do patio das vigas perimetrais pegadas ó muro de peche da Travesía de Porta Nova proxéctase de 3,40 cm., uns 40 cm. máis altas que a altura do propio muro.

Con data de 05 de maio de 2023 achégase documentación técnica denominada Anexo nº 1, no que se sinala:

No presente anexo, preséntanse as modificacións oportunas na documentación técnica presentada a trámite, e que recolle as seguintes

- Achéganse novos planos modificados, adaptados ás conclusións do informe técnico municipal,

PLANO Nº 4: Desenrolo de alzados interiores: estado reformado

PLANO Nº 6: Alzados exteriores muros patio: estado reformado

Nestes planos modificados, contéplase a redacción da altura do emparrado, de 3,40 m. a 3,00 m., así como o revestimento da fábrica de ladrillo sen rematar na zona lindante co patio do Restaurante O BIRRÁN, mediante morteiro de cemento pintado con pintura plástica especial exteriores en color igual ao existente no resto do patio interior. Tamén se contempla a reparación da porta de madeira, consistente na reparación/substitución dos elementos deteriorados e pintado da mesma mediante esmalte sintético mate, en cor verde carruaxe.

- Tamén se levarán a cabo intervencións de limpeza na cara exterior do muro, que consistirán na retirada da vexetación existente mediante ferramentas manuais axeitadas, e limpeza da superficie mediante chorro de auga a mínima presión posible e cepillo de raíces, para que non se degrade a superficie da pedra.

Achégase, con data de 23 de xuño de 2023, o Oficio de Dirección de Execución de Obras e Coordinación de Seguridade e Saúde a nome do arquitecto técnico D. Amando Canitrot Pérez.

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Mercedes Alvarez López de 29 de xuño de 2023

-Informe do Secretario municipal

A Xunta de Goberno Local, en exercicio da competencia delegada por decreto de alcaldía de data 26 de xuño de 2023, por unanimidade, acorda :

Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas na Memoria Técnica. Reparación / Substitución emparrado” redactada polo arquitecto técnico D. Amando Canitrot Pérez, e Anexo I en Porta Nova de Arriba 5 , referencia catastral 082221NG7802S

1 Condicións particulares:

Consonte ao indicado no informe da arquitecta municipal debese proceder tamén a renovación do acabado da pintura dos restantes paramentos de fábrica de ladrillo do peche con acabado degradado.

2.-Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

Nome ou razón social do promotor: D José Santiago Dávila Vilar

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Liquidación do ICIO: Xírase unha liquidación provisional do ICIO por importe de 107,81 euros.

4.-ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDAS DE AUGA -

Visto o escrito presentado por **don José Pereira Deaño** solicitando acometida de auga en rúa Rodríguez de la Fuente 14 2ºB, no que prega se lle autorice a correspondente

acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 5-6-2023 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por **dona Alicia Rodríguez Rodríguez** solicitando acometida de auga en rúa Rodríguez de la Fuente 8 –1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 19-6-2023 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por **dona Dolores Pérez Veloso** solicitando acometida de auga en Carretera Carballeda 74, San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 6-6-2023 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por **don Ramón Míguez Pego** solicitando acometida de auga en Muñoz Calero 4 , baixo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 21-6-2023 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

-Escrito do Comité de Persoal laboral do concello con rexistro de entrada de 20 de xuño de 2023 do seguinte tenor literal:

Ante a constitución dun novo Goberno no Concello de Ribadavia o día 17 de xuño de 2023, e ante a conformación dun novo Comité de Persoal Laboral do Concello o pasado 28 de abril de 2023,

SOLICITAMOS:

Unha reunión dos membros do Comité de Empresa do Concello de Ribadavia [Susana Fuentes Maquez (UXT), Diego Ibañez González (CSIF), Oscar Rodríguez Fernández (CCOO), Justo Fernández Martínez (CCOO), María Teresa Rodríguez Vázquez (CIGA)], co Alcalde, Secretario e Interventor, coa finalidade de coñecer as melloras laborais que o Concello de Ribadavia pode implementar a curto e medio prazo os seus traballadores/as.

A xunta de goberno acorda comunicar que, de forma inmediata, será convocados para unha reunión co alcalde e co concelleiro delegado de persoal.

-Escrito de Aqualia con rexistro de entrada de 29 de maio de 2023 adxuntando edición actualizada do Protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento de Ribadavia.

-Escrito de Aqualia con rexistro de entrada no concello de 9 de xuño de 2023 remitindo informe de servizo do ano 2022.

-Escrito de Aqualia con rexistro de entrada de 16 de xuño de 2023 asunto: informe limpeza piscina municipal Ribadavia.

-Escrito de Aqualia con rexistro de entrada de 16 de xuño de 2023 asunto: resposta a reclamación presentada por don José Míguez Sales ante os problemas de presión de auga do campo de fútbol.

-Escrito de dona María Angeles Montero Rivera no que expón que representando a Asociación de Veciños de Santo André presenta escrito asinado por veciños no que se indica:

“ Ante la situación generada por la denuncia de un vecino del pueblo , se notifica a toda la vecindad , la necesidad de ceder al concello de Ribadavia, la administración, gestión, legalidad y puesta a punto de la traída vecinal.

2 Los vecinos abajo firmantes otorgan el consentimiento al concello de Ribadavia para dicha gestión.

A xunta de goberno acorda comunicar que xa se están realizando os trámites administrativos necesarios para levar a cabo o solicitado.

Escrito de dona María Goretti Gómez Gómez, con rexistro de entrada no concello de 19 de xuño de 2023 no que

EXPONE:

Que las trabajadoras de Ayuda a Domicilio del ayuntamiento de Ribadavia según el convenio colectivo del ámbito autonómico de Galicia que regula las condiciones de trabajo de las mismas, tienen derecho a:

22 días hábiles de vacaciones, los cuáles se verán incrementados en uno más al pasar 15 años, y luego uno más cada tres años.

Disfrutar de los días de asuntos propios de lunes a domingo, y que se vayan incrementando según indica la ley.

SOLICITA:

Que se le concedan estos derechos de la misma forma que se le están aplicando a otros trabajadores de este mismo ayuntamiento, ya que hasta el día de hoy no se nos están concediendo.

A xunta de goberno acorda comunicar que, de forma inmediata, será convocados para unha reunión co alcalde e co concelleiro delegado de persoal.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento dos seguintes escritos:

- Proposta e resolución do Expediente de extinción de aproveitamento de 19,97 l/s de auga a derivar do río Maquians ou Carballeda, termo municipal de Ribadavia con destino a abastecemento, titular concello de Ribadavia.
- Escrito da Confederación Hidrográfica Miño Sil en relación ao convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica Miño Sil e o concello de Ribadavia para a financiación, execución e entrega do proxecto de renovación de canalizacións na zona de San Cristovo de Ribadavia , reclamando o ingreso da cantidade pendente de satisfacer polo concello de 106.267,57 euros.

4.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

A xunta de goberno toma coñecemento da Resolución do Convenio de Cesión temporal de zona adicada a vivenda no antigo convento de San Francisco que tiña sido asinado con data de 22 de marzo de 2022.

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2023

Dase conta da proposta da Dirección da Mostra Internacional de Teatro, que propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro 2023.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan co teor que consta nos mesmos e coa aprobación do gasto que se describe: MARINA OTERO ,o día 15 de xullo; ROI BORRALHAS, o día 15 de xullo; TALIA TEATRO, ó día 16 de xullo; ALEXANDRA GARICA, ó día 16 de xullo; COLECTIVO GLOVO, ó día 17 de

xullo; LAS HUECAS, ó día 17 de xullo; DUO KAOS, ó día 18 de xullo; COMPAÑÍA SR. SMITH, ó día 18 de xullo; KANBAHIOTA, o día 19 de xullo; MATARILE, o día 19 de xullo; MADUIXA TEATRE S.L., ó día 20 de xullo; A PANADARÍA, os días 20 e 21 de xullo; TEATRO DEL BARRIO, ó día 21 de xullo; ELAHOOD, ó día 21 de xullo; BALA PERDIDA, ó día 22 de xullo; MUJER EN OBRAS, ó día 22 de xullo; OS QUINQUILLANS, ó día 22 de xullo; PT EXCÉNTRICAS, ó día 23 de xullo; VÓRTICE ESCÉNICO, ó día 23 de xullo”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as catorce horas e cinco minutos o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE